## PROCESO PARA A CERTIFICACIÓN ACREDITATIVA

A acreditación da implantación do Plan de Igualdade nas empresas realízase mediante certificación expedida pola Unidade Administrativa de Igualdade da Consellería de Emprego e Igualdade, previa solicitude da empresa interesada.

O procedemento para realizar a solicitude de acreditación do Plan debe realizarse de forma telemática a través do procedemento PR004A, que deberá conter a seguinte información:

- Documento de comunicación e inicio do proceso de elaboración e negociación do plan de igualdade, incluíndo o compromiso da dirección da empresa.
- Acta de Constitución da Comisión de Igualdade (Comisión Negociadora)
- A Diagnose de situación da empresa
- O Plan de Igualdade da empresa
- Protocolo de acoso sexual e por razón de sexo.
- Acta de aprobación do Plan de Igualdade

A continuación figuran os pasos para a tramitación:

# ENTRAR NA SEDE ELECTRÓNICA DA XUNTA DE GALICIA CO CERTIFICADO DIXITAL DA EMPRESA

En **Trámites**, acceder a **"Solicitude xenérica"**




En **Solicitude xenérica**, acceder a **"Tramitar en liña"**



## APARTADO 1. CUBRIR DATOS

Cubrir os **datos da empresa** ou, de ser o caso, da persoa representante.







A continuación, cubrir os datos a efectos de **notificación**




A continuación, cubrir os datos sobre o asunto (indicar "Solicitar certificación Plan de Igualdade), o nº de expediente (irá en branco), a exposición de motivos, a solicitude de certificación e a documentación que se presenta (Compromiso da dirección da empresa coa igualdade, Acta de constitución da Comisión de Igualdade (Comisión negociadora), Diagnose, Plan de Igualdade, e Acta de aprobación do Plan de Igualdade).







A continuación, deixar en branco o apartado sobre comprobación de datos, e marcar o **Destinatario** (Consellería de Emprego e Igualdade) e a Dirección Xeral de Relacións Laborais.




## APARTADO 2. ANEXAR DOCUMENTACIÓN

A continuación, anexar os documentos indicados no apartado anterior (Compromiso da dirección da empresa coa igualdade, Acta de constitución da Comisión de Igualdade (Comisión negociadora), Diagnose, Plan de Igualdade, e Acta de aprobación do Plan de Igualdade).



## APARTADO 3. ASINAR E PRESENTAR NO REXISTRO

Anexados os documentos, procederase a firmar e presentar a solicitude.




## APARTADO 4. OBTER RECIBO

Unha vez asinado, pódese obter o recibo da presentación.